

## O longo poema dos pasos

**María do Cebreiro Rábade Villar**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2011 [2004]). “O longo poema dos pasos”. *Grial*: 164, 82-83. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/33>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2004). “O longo poema dos pasos”.  
*Grial*: 164, 82-83.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## O LONGO POEMA DOS PASOS

[RECENSIÓN DO LIBRO DE LUÍSA VILLALTA *EN CONCRETO*, 2004]

**María do Cebreiro Rábade Villar**

Nalgunhas vías do zen, o sabio atopa a iluminación varrendo a casa. Esta é unha das aprendizaxes que, coma un agasallo, acompañan para sempre ao lector de *En concreto*, de Luisa Villalta, gañador do XII Premio de Poesía Espiral Maior. E así, mentres a voz examina os brincos dun colar, descobre o corazón: “peso, limite, esixencia, desexo”. Desde o máis próximo ao máis distante, porque a cidade cabe “nun único testículo” e “se non se atravesa a barreira dos patriarcas / ou se o camiño do pensamento non foi bloqueado, / calquer cousa que se faga ou que se pensé / non será mais que a imaxe da confusión”.

Un dos cernes do libro é a dualidade do termo “concreto”, que aparece debuxada nas dúas citas iniciais. A primeira evoca o anglicismo *concrete* (cemento), nunha descrición técnica da preparación do formigón, que é ademais unha poética. No formigón do poema, semella dicir Villalta, caben todas as voces e todos os traxectos. A lírica deixa de ser a lingua dos escollidos e convértese en forma para representar as cidades reais e en materia para construír as cidades posíbeis. Na segunda das citas que abren o texto, o filósofo Ferrater Mora define así “concreto”: algo que é estimado como real no sentido de que é efectivo e experimentábel pola sensación”.

Sorprende no texto a presenza constante do vento, que as veces é alento da linguaxe e outras veces “fecundador de égoas” homérico e outras “ventiño mareiro” da canción popular, vento que trae e leva todas as palabras. Os ventos clásicos (bóreas, céfiro, austro ... ) son invocados nos poemas da sección Brasón, a primeira do libro, en consonancia co ton épico, propio dos cantos da orixe. A fundación, como corresponde, e máis nesta Cidade, vai da man do mito. Pero os verbos tamen se moven en futuro, para dinamitar toda solemnidade, e irán facendo aparecer, nas seguintes seccións, espazos tabernarios que visitaría con gusto Manuel Antonio. O poema volve descer ao chan e colle alento para subir ao ceo, como no caligrama da sección Edificios, que é o Obelisco da Coruña, ademais de ser un obelisco de palabras. A lingua constrúe a cidade, ao tempo que se destrúe a si mesma para que a Cidade naza. E así como o “concreto” era o cemento e o Real, a Cidade, neste libro, aparece case sempre en maiúsculas e rodeada de topónimos. E no poema “Nomes”, o penúltimo, o mais próximo faise de novo terra: “no esquecemento lama do río de Monelos”, “confesar que de verdade os Mallos mallan / que a Gaiteira aínda vén de Agrela asubiando cara ao mar / e no Montealto, no de Outeiro e máis nas Moas/ permanecen os aires inseultos que nos foron dando forma”.

[83] Igual que no situacionismo, *En concreto* pon de relevo o sentido revolucionario do acto de camiñar. Grazas a el descubrimos que o xenio do lugar non é o tempo, senón os pasos, e que o poema da cidade só pode ser longo e inacabado. A arte, mesmo que sexa

poesía, esqueceu o sentido do ornato, e quere ser intervención sobre o real. De aí que a intertextualidade explícita, iso que poderíamos denominar “a cultura”, adquira no libro un valor alternativo ao que convencionalmente se lle asigna. A cita xa non é esa “segunda man” que quería Compagnon, nin que fosen tres ou sete; non pretende dicirnos nin o que leu ela autora nin o que debemos ler nos; non forma parte dun decorado, senon dun desexo político: a construción da cidadanía, tamén dende a lingua, tamén dende a poesía.

Non hai cidade sen xente, e por iso Luísa Villalta traza con mestría os planos dese espazo de resistencia que reclamaba Paul Virilio, un espazo de sociabilidade e de proximidade que impida a perda do mundo e a perda do corpo: “e fico libre / remotamente libre no segredo / de interpretar na secuencia dos meus xenes / calquer ideal de identidade / e fabricar común convicción de sermos libres / na Cidade á que non renunciamos”.